



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

## **BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL**

### **PRIMEIRA: OBXECTO.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de dous Auxiliares da Policía Local.

A modalidade contractual será a dun contrato eventual por circunstancias da produción, previsto no artigo 3 do RD 2720/1.998, de 18 de decembro.

### **SEGUNDA: NORMATIVA APLICABLE.**

- Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.
- Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.
- Estatuto dos Traballadores.
- Orde de 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan, entre outros, as probas de selección, temarios e baremos de méritos para a contratación de auxiliares de policía de temporada.

### **TERCEIRA: DURACIÓN DO CONTRATO.**

A duración do contrato será a seguinte: do 01 de xuño ó 30 de setembro de 2014.

### **CUARTA: RETRIBUCIÓN.**

A retribución bruta mensual serán de 1.100 euros brutos, incluída a prorrata da paga extra e liquidación por vacacións e cese.

### **QUINTA: SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.**

A selección realizarase mediante a sistema de oposición e se compondrá unicamente das seguintes probas:

#### 1.- Comprobación de estatura.

O comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que reñen para o ingreso no corpo de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

#### 2.- Probas Físicas.

Se cualificarán como apto/non apto e medirán a capacidade física dos aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Consistirá na realización das seguintes probas:

##### 2.1.- Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ó mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

### 2.2.- Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	4,30 min.	5,00 min.	5,15 min.
Mulleres	5,00 min.	5,30 min.	5,45 min.

### 3. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo I, e terá carácter eliminatorio.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondadas.

### 4. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá ós/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

### 5. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de apto/non apto. Estarán exentos da realización desta proba quenes acrediten estar en posesión do curso de iniciación en lingua galega ou equivalente.

Resultarán seleccionados os aspirantes que acadasen maior puntuación.

### **SEXTA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias irán dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello **dende o día da publicación en prensa e ata o día 08 de maio de 2014**, nas que se fagan constar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, achegando os documentos que así o acrediten, así como tamén:

- Fotocopia do D.N.I.
- Copia do título de Graduado Escolar ou equivalente.
- Copia do Curso Básico de Auxiliar de Policía da Academia Galega de Seguridade ou compromiso da súa realización nas datas que se sinalen pola propia Academia.
- Copia do permiso de conducir da Clase B.
- Xustificante do pago da taxa, que ascende a 5,00 euros, e se ingresará no número de conta deste Concello ES24 2080 5428 1631 10100840, especificando o concepto “taxa por inscrición en proba selectiva para Auxiliares da Policía Local” e identificación do aspirante.

Os aspirantes farán constar na súa instancia que reúnen os seguintes requisitos:

- Ser español/a.
- Ter máis de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.
- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.
- Haber superado a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ó grupo C2 segundo a Disposición Transitoria 3ª da Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.
- Estar en posesión do carné de conducir da Clase B.
- Non incumprir co artigo 15, apartado 1, letra b) do Estatuto dos Traballadores.
- Estar en posesión do Curso Básico de formación de Auxiliar de Policía da Academia de Seguridade realizado cunha anterioridade de catro anos, ou o compromiso da súa realización nas datas establecidas pola Academia Galega de Seguridade.

Todos estes requisitos deberán reunirse antes da data na que remate o prazo de presentación de instancias.

### **SÉPTIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

A lista de aspirantes admitidos e excluídos publicárase no Taboleiro de Edictos do Concello o día seguinte ó de remate do prazo de presentación de instancias.

### **OITAVA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal Cualificador das probas se compondrá polas seguintes persoas:  
Presidente:



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

- D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario-Interventor do Concello de A Illa de Arousa, ou funcionario en quen delegue.

Vocais:

- D. Miguel Angel Varela Tourís, Oficial da Policía Local do Concello de A Illa de Arousa.
- D. Andrés Torres Nuñez, funcionario do Concello de A Illa de Arousa.
- Dna. Teresa Carrera Babarro, funcionaria do Concello de A Illa de Arousa.

Secretario:

- Un traballador do Concello de A Illa de Arousa, que actuará con voz e voto.

## **NOVENA: CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

A comprobación da estatura e as probas físicas realizarase o día **14 de maio de 2015**, debendo presentarse os admitidos na **Casa do Concello ás 10,00 horas**. Deberán vir provistos da roupa adecuada para o desenvolvemento das probas.

A continuación terá lugar a celebración da proba de coñecementos, e e serán admitidos á mesma aqueles aspirantes declarados aptos nas probas físicas.

A proba correspondente ó coñecemento do termo municipal e da toponimia local celebrarase en data **18 de maio de 2014 ás 10,00 horas na Casa do Concello**, e serán admitidos á mesma os aspirantes que superasen a proba de coñecementos.

Os aspirantes que superen a proba realizarán a continuación a proba de coñecemento da lingua galega.

## **DÉCIMA: CUALIFICACIÓNS.**

Publicaranse no Tablón de Edictos do Concello o día seguinte ó de remate das probas selectivas.

### **ANEXO I**

#### **TEMARIO**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade ou compromiso da súa realización nas datas que se sinalen pola propia Academia idade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

### ANEXO II

#### **INSTANCIA PARA A PARTICIPACIÓN NA CONTRATACIÓN DE DOUS AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA**

D./Dña. ...., maior de idade, con data de nacemento ....., con D.N.I. nº....., e con domicilio en.....  
(teléfono .....), ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa, comparece e di:

- a) Que coñece e acepta as Bases que van rexir na oposición para a contratación temporal de dous Auxiliares da Policía Local dentro do persoal laboral deste Concello.
- b) Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas ó obxecto de proveer a citada praza.
- c) Que son certos todos os datos e documentos que aporta.
- d) Que adxunta á presente:
  - Fotocopia do D.N.I.
  - Copia do título de Graduado Escolar ou equivalente.
  - Copia do Curso Básico de Auxiliar de Policía da Academia Galega de Seguridade realizado nos catro anos inmediatamente anteriores, ou compromiso da súa realización nas datas que se sinalen pola propia Academia.
  - Copia do permiso de conducir da Clase B.
  - Xustificante do pago da taxa, que ascende a 5,00 euros.

Por todo o sinalado,

SOLICITO se teña por presentada esta solicitude y sexa admitido/a nas probas selectivas para a provisión temporal de dúas prazas de Auxiliares da Policía Local dentro do persoal laboral do Concello de A Illa de Arousa.

Na Illa de Arousa, a ..... de ..... de 2.....

Asdo.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA  
(PONTEVEDRA)**



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

**DILIXENCIA:** A estendo eu, secretario do Concello de A Illa de Arousa, para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2014.

Na Illa de Arousa, a 30 de abril de 2015.

O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello